

Manuel María

O poeta necesario



"O poema xorde dunha imposición subxectiva e dunha selección obxectiva. O poema é unha asemblea en movemento de valores orixinais determinantes, en relacións contemporáneas con alguén a quen esta circunstancia fai primeiro"

René Char

Onde inevitabelmente o músculo debe substituír o concepto, nas nacións condenadas pola súa falta de resignación, alí onde os que din algo teñen unha grande responsabilidade sobre as súas costas, a cultura é inviábel allea á militancia.

XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

Profesor de Filosofía.

Autor de diversos libros de ensaio.

Director do "Terra e Tempo"

A palabra inerte, incolora, inodora, insípida... baleira non é cultura, é natureza morta no mal sentido da palabra. Os produtos que habitualmente se entenden por cultura quedan desclasificados pola dominación, resultan fotocopias descoloridas e mesmo os máis autóctonos resultan superfluos alleos ao reto pola hexemonía.

O colonialismo non perde o tempo en negar a cultura do colonizado. O culturalista quixera crer que non, que o

centralismo non ten máis que facer do que deterse en borrar todo rastro da identidade sometida, gustaríalle crer que el realiza un grande e heroico desafío coa reivindicación exclusiva do ancestral tesouro cultural propio. Pero a facción máis letrada do imperialismo incluso aprecia ese esforzo loábel de divertimento arqueolóxico, mesmo gustaría que se conservasen intactos os vestixios da cultura tradicional: "que os gaiteiros vistan como hai 2000 anos", pero

A nación ten a súa métrica, ten os seus tempos, conseguir pórllle rima é estar no día a día e o poeta nacional so consegue recitar a súa grande obra total se esta é pertinente, e non cando esta simplemente é oportuna

globalmente o imperialismo ten máis en que ocuparse do que legislar expresamente sobre a prohibición da cultura subordinada. Para qué? Se xa existe unha lei vixente ao respecto que ten ben demostrada a súa eficacia: a lei do máis forte. O culturalista quixera reducir a batalla a ese campo pero a guerra é total e nada queda á marxe.

E é neste marco alega no que se desenvolve o labor do intelectual que para ser tido por interlocutor válido do país colonizado non lle abonda tomar a palabra –excluído como está da conversación de occidente– ten que reconquistar esa palabra que lle é negada. O seu labor convértese máis nun pulso por ser recoñecido ao par da súa colectividade máis que exhibirse para ser coñecido como tal individualidade. Os sons con que se expresa non están ditos para ser entendidos polos que non queren escoitar senón que van dirixidos ao corpo dos que teñen tapados os oídos: son relatos que poñen a carne de galiña, recreacións de arrecendo de nenez, lembranzas do nome e apelidos de cada recuncho máis agachado do propio ser, imaxes que provocan o emerxer de enerxías asolagadas para bombear a sangue as mans con que se constrúen a emancipación, pois non hai palabras máxicas capaces de evitar a mediación do corpo para a realización da auténtica e única obra de arte posible nestas circunstancias de subordinación, isto é, traspasar os lindes da reserva, transgredir o carácter subalterno, reocupar os espazos vedados e expandirse até lograr a obra de arte total, sinxelamente, unha poesía que continúa ao rematar o recital, unha vida que non se suspende nos límites do texto.

E á fin o poeta consegue ser creador e non só creado, ser produtor e non só produto. O poeta logra ser poeta se recolle os cantos que xorden da loita da xente por conseguir expresarse, dicindo finalmente o que o pobo non consegue dicir porque non lle saen as palabras.

Dicía Franz Fanon: “a cultura nacional non é folclore onde un populismo abstracto creu descubrir a verdade do pobo. Non é esa masa sedimentada de xestos puros, é dicir, cada vez menos atribuíbeis á realidade presente do

pobo. A cultura nacional é o conxunto de esforzos feitos por un pobo no plano do pensamento para describir, xustificar e cantar a acción a través da cal o pobo se foi construindo e mantendo”.

Coa alma mancada, consciente de que a cultura non é a nación enteira, abandona a súa tribo, sen renunciar nunca a ela, para estarricar a súa escrita até abranguer a toda a nación. Deixa de ser local, parcial, especializado, fragmentado, incompleto.

A nación ten a súa métrica, ten os seus tempos, conseguir pórllle rima é estar no día a día, non perder o paso, entrar a compás, e o poeta nacional so consegue recitar a súa grande obra total se esta é pertinente, e non cando esta simplemente é oportuna.

Se o medio tamén é mensaxe, neste contexto comunicar é comprometido. Se pomos por caso, un poeta canta aos ríos, terá que militar na loita contra os encoros por exixencias estéticas e non só éticas. Cada poesía é un contrato co obxecto dos seus versos. O poeta nacional é un home de palabra, e ten que



cumprir o que promete para que o documento que asina teña validez.

A beleza é unha conxura de enerxía e equilibrio (Fernando Pessoa). Nun marco de desequilibrio e abatemento, os versos deben dar forza para alcanzar dita beleza. Unha beleza que no retrato do vencido só se aprecia cando o artista é capaz de transmitir que non está derrotado quen cae senón só quen renuncia a levantarse de novo e, en definitiva, ese era o oficio imprescindíbel de Manuel María ■

Na fotografía de arriba Manuel María coa poeta Pilar Pallarés.

Abaixo, con Saleta, a súa compañeira.